



BASES REGULADORAS DE SELECCIÓN DE PERSOAL MEDIANTE A CONSTITUCION DUNHA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL

Primeira.- Obxecto

Esta bolsa de emprego servirá para cubrir necesidades transitorias de persoal que requiran puntualmente o nomeamento de funcionarios interinos ou a contratación de persoal laboral temporal, previa tramitación do expediente correspondente que xustifique as necesidades concretas do servizo e lexítimen a correspondente contratación ou nomeamento.

Esta convocatoria ten por obxecto constituír unha bolsa de emprego para o nomeamento de funcionarios interinos e/ou a contratación de persoal laboral temporal, cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Necesidades do servizo, por incremento temporal e excepcional da carga de traballo, a fin de garantir o seu adecuado funcionamento
- Necesidades excepcionais para atender servizos temporais, estacionais ou urxentes que non poidan prestarse co persoal existente
- Incapacidade temporal para cubrir baixas por enfermidade
- Permiso por maternidade ou paternidade
- Uso do período de vacacións ou permiso por asuntos propios
- Licenza por asuntos propios
- Cubrir interinamente postos de traballo vacantes e prazas vacantes no cadro de persoal en tanto non se desenvolve o correspondente proceso selectivo
- Execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración pública.

A través desta convocatoria preténdese seleccionar o persoal que integrará a bolsa de emprego e regular a cobertura dos postos ofertados cando conorra algunha das causas sinaladas no apartado anterior.

En todo caso, estas contratacións estarán supeditadas ás limitacións establecidas na Lei de Orzamentos xerais do Estado de cada ano e a existencia de consignación económica no orzamento municipal.

Están excluídas as contratacións que deriven de proxectos ou programas de colaboración con outras administracións e as subvencionadas con fondos europeos cando nas súas bases se estableza un determinado sistema de selección ou a necesidade de que se oferten a través de servizos públicos de emprego.

Non se procederá a contratación temporal ou nomeamento de persoal á marxe da bolsa para o exercicio de funcións iguais ou similares ás correspondentes ós postos ofertados.

Segunda.- Postos de traballo ofertados

A bolsa de emprego formarase para os seguintes postos de traballo:

1.- Operario de servizos múltiples:

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 6NPLWDXH8FQ2NLJQ6AG2MDQ22 | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 13



- Realización de tarefas de apoio e asistencia en obras de albanelería.
- Realización de tarefas de bacheo e desbroce.
- Limpeza de rúas
- Recollida de lixo
- Mantemento de instalacións
- Montaxe e desmontaxe de carpas
- Calquera outra correspondente á súa categoría.

2.- Operario- condutor de servizos múltiples:

- Realización de tarefas de bacheo e desbroce.
- Pequenas reparacións mecánicas e de mantemento de maquinaria.
- Limpeza de rúas
- Recollida de lixo
- Mantemento de instalacións
- Montaxe e desmontaxe de carpas
- Condución de camiións e demais vehículos e maquinaria de vías e obras, especialmente aqueles que precisen dun permiso de circulación especial.
- Calquera outra correspondente á súa categoría.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes

Os candidatos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Posuí-la nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do espacio económico europeo, ou ser extranxeiro con residencia legal en España.
- Posuír capacidade funcional.
- Ser maior de 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión do carné de conducir tipo B no caso de operario de servizos múltiples e tipo C no caso de operario-condutor de servizos múltiples.
- Estar en posesión do CAP (certificado de aptitude profesional condutores), no caso de operario-condutor de servizos múltiples.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público (anexo III).

Estes requisitos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse no momento da contratación ou nomeamento.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 6NPLWDXH8FQ2NLJQ6AG2MDQ22 | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 13



Cuarta.- Publicidad

O anuncio da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o texto íntegro das bases será publicado na páxina web do Concello de Vila de Cruces, www.viladecruces.gal, e no taboleiro de anuncios en formato físico como electrónico.

Quinta.- Presentación de solicitudes

As persoas interesadas poderán presentar as solicitudes de participación no rexistro do Concello de Vila de Cruces segundo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante **un prazo de 15 días hábiles** contados a partir do seguinte a publicación do anuncio das bases no BOP de Pontevedra.

Xunto coa instancia (anexo II) deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia do D.N.I ou N.I.E.
- Fotocopia do carné de conducir.
- Xustificante de ter pagada a taxa correspondente.
- Fotocopia do CAP, no caso de operario condutor.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de ter capacidade funcional. Así mesmo, declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Tamén unha declaración de posuír capacidade funcional para o desenvolvemento do posto. (Anexo III).
- No seu caso, documentación acreditativa das circunstancias puntuables na fase do concurso.

En ningún caso se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificadas, ou presentados unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes.

Sexta.- Admisión de aspirantes

Para ser admitido/a será necesario que os aspirantes manifesten que reúnen os requisitos exigidos na convocatoria e presenten a documentación requirida conforme establecen as Bases terceira e quinta.

Terminado o prazo de presentación de instancias, o Presidente da Corporación, no prazo de dez días hábiles ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas que motivan a exclusión, concedéndose un prazo de cinco días hábiles para a subsanación de erros dende a

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 6NPLWDXH8FQ2NLJQ6AG2MDQ22 | Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 13



publicación.

A lista de persoas admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Finalizado o prazo de subsanación de erros, o Alcalde ditará nova Resolución, aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Sétima.- Tribunal cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

Todos os membros do tribunal deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior á esixida para acceder ao posto de traballo convocado. Todos os membros do tribunal terán voz e voto excluído o secretario que terá voz pero non voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do tribunal será determinada por Decreto da Alcaldía e publicado no taboleiro de anuncios do Concello. O tribunal estará composto por cinco membros.

O Tribunal poderá constituírse e actuar validamente cando se encontren presentes ao menos tres dos seus membros, precisándose en todo caso, a asistencia do Presidente e Secretario.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes e no seu caso o empate resolverase co voto de calidade do Presidente.

As deliberacións do Tribunal non serán públicas e terán o carácter de secretas.

Os membros do Tribunal nos que concurra algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, deberán absterse de intervir notificándoo ao Presidente. Asimesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concurra algunha das causas do artigo 24 da citada Lei.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, con voz pero sen voto, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os integrantes do tribunal, ademáis de actuar con suxeición ás presentes bases, quedan facultados tamén para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 6NPLWDXH8FQ2NLJQ6AG2MDQ22 | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 13



O dictaminado polo tribunal de selección someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

Oitava.- Procedemento de selección

A selección dos aspirantes realizarase mediante o sistema de concurso –oposición. A elección do citado proceso fundaméntase na especialidade das prazas, na natureza das funcións a desempeñar e porque permite valorar a experiencia profesional previa, axustándose polo tanto ao establecido no artigo 61 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A fase de concurso será previa á da oposición.

A fase de oposición consistirá en dous exercicios e versará sobre o programa correspondente a cada un dos postos de traballo ofertados de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo necesario superar a fase de oposición.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

Fase de concurso

(máximo 4 puntos)

Será anterior á fase de oposición.

Consistirá na avaliación dos méritos alegados por cada un dos aspirantes á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Nesta fase valoraranse os méritos conforme ao seguinte baremo:

- Experiencia profesional: polo desempeño dun posto de traballo de igual ou similar categoría e contido profesional ó convocado: a razón de 0,30 puntos por mes de servizo. A valoración reducirase proporcionalmente no caso de que os servizos foran prestados a tempo parcial.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación expedida pola Administración Pública ou empresa correspondente, copia de contrato de traballo acompañado de informe de vida laboral, certificado de servizos ou calquera outro medio admisible en dereito, no que conste a praza e o posto de traballo desempeñados e o período de prestación dos servizos.

Unha vez efectuada polo Tribunal a valoración dos méritos publicárase no Taboleiro de

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 6NPLWDXH8FQ2NLJQ6AG2MDQ22 | Corrección: <https://vialdecruc.es/selelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 13



anuncios e na páxina web do concello a puntuación obtida na fase de concurso e fixarase data e hora lugar para realización do primeiro exercicio.

A Valoración dos méritos e publicación realizarase en todo caso antes da realización da fase da oposición.

Fase de oposición

Cada un dos exercicios obrigatorios da fase de oposición será cualificado de cero (0) a cinco (5) puntos.

Para aprobar cada un dos exercicios necesitarase obter unha puntuación mínima de 2,5 puntos en cada proba.

O primeiro exercicio: de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en contestar por escrito 20 preguntas tipo test con tres respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ó contido do temario descrito no anexo I.

Poderá acadar entre 0 e 5 puntos e será necesario obter unha puntuación mínima que acade 2,5 puntos.

O segundo exercicio: de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá na realización dunha proba de habilidade proposta polo tribunal e relacionada coas materias contidas no temario e relacionada coas funcións do posto de traballo a desempeñar, no tempo que determine o tribunal.

Poderase acadar entre cero (0) e cinco (5) puntos. Será necesario obter unha puntuación mínima que acade 2,5 puntos.

Aqueles aspirantes que superen a fase de oposición sumaráselle a puntuación obtida na fase de concurso. A puntuación final do concurso-oposición virá determinada pola suma de puntuacións obtidas en cada unha das fases.

Coñecemento da lingua galega:

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o coñecemento de galego nivel CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (curso de iniciación de galego de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, DOG nº 146).

A proba consistirá nun exame tipo test elixido por sorteo de entre dous propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

O lugar, data e hora de celebración dos exercicios anunciarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 6NPLWDXH8FQ2NLJQ6AG2MDQ22 | Corrección: <https://vialdecruc.es/sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 13



Os aspirantes serán convocados, provistos do seu DNI para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, e agás causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo.

O Tribunal poderá requirir en calquera momento aos aspirantes que acrediten a súa identidade.

Se durante o proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes carecera dos requisitos necesarios para participar na convocatoria, comunicarao ao Presidente, que dará conta aos órganos competentes das inexactitudes aos efectos procedentes.

A actuación dos aspirantes será por orde alfabético.

Novena.- Cualificación final, relación de aprobados.

A puntuación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas por cada aspirante na fase de concurso e na fase de oposición.

En caso de empate na puntuación final, resolverase segundo os seguintes criterios: en primeiro lugar terase en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición, de persistir empate a obtida na fase de concurso. Se aínda persiste decidirse por sorteo público.

Rematada a cualificación dos aspirantes, e logo de sumadas as puntuacións totais do concurso e da fase de oposición o tribunal confeccionará a bolsa de emprego por orde de maior a menor puntuación segundo o posto de traballo ofertado. Esta será sometida o Alcalde para súa aprobación, publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e coñecemento das persoas interesadas.

Décima.- Funcionamento da bolsa de traballo

A Bolsa de traballo terá unha vixencia de 4 anos, prorrogables por outros catro anos, salvo que se derogue expresamente ou ata o momento en que houbese un novo proceso selectivo. Poderán incorporar novos candidatos mediante convocatoria pública.

En todo caso, estes nomeamentos ou contratacións estarán supeditadas ás limitacións establecidas na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano e á existencia de consignación económica no Orzamento provincial.

Nesta bolsa teranse en conta a duración máxima prevista para cada modalidade

Concello de Vila de Cruces





contractual ou nomeamento e os límites establecidos legalmente para evitar o encadeamento de contratos laborais temporais. Deste xeito, co fin de que se respecten os principios de acceso ao emprego público, as persoas candidatas que figuren na correspondente lista deberán cumprir, no momento no que se lle oferte un posto de traballo, o requisito de que non estivesen contratadas no Concello de Vila de Cruces durante un prazo superior a 24 meses nun período de 30 meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais ou, se co novo contrato se supera esta duración, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada. Este requisito esténdese ás candidaturas que, cunha nova contratación laboral, superen o prazo de 24 meses nun período de 30 meses.

Chamamentos

Cando se deba proceder a un nomeamento interino ou a unha contratación temporal, ofertaráselle o posto de traballo á primeira persoa aspirante da lista, polos medios de contacto que a persoa candidata consigne na súa instancia, teléfono móbil, fixo ou correo electrónico, deixando constancia do chamamento no expediente:

- Se se obtén comunicación directa coa persoa candidata, esta deberá responder nun prazo máximo de 48 horas, se acepta ou renuncia ao posto ofertado.
- Se recibe a comunicación por correo electrónico deberá poñerse en contacto co Concello de Vila de Cruces no prazo máximo de 48 horas, contadas dende a súa recepción.
- En caso de non recibir contestación no prazo de 48 horas dende a comunicación sobreenténdese que renuncia ao posto e poderá chamarse á seguinte persoa candidata da lista.

En ningún caso se procederá ao chamamento de persoas candidatas que se encontren traballando no Concello na data prevista para que teña efectos o contrato ou nomeamento, calquera que sexa a súa modalidade e posto de traballo que desempeñe. Neste caso conservará o lugar que lle corresponda na lista. Así, non se admitirá a renuncia a un contrato en vigor para poder desempeñar un novo contrato.

As persoas integrantes da bolsa deberán comunicarlle ao Concello calquera variación no seu enderezo postal, enderezo electrónico ou teléfono, con respecto aos sinalados na solicitude de participación e mantelos permanentemente actualizados durante a vixencia da bolsa.

Antes de levar a cabo a contratación o aspirante deberá achegar a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade e de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico o

Concello de Vila de Cruces





psíquico que lle impida o normal desempeño do cargo e exercicio das correspondentes funcións. Os aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificación expedida polos órganos competentes que acrediten tal condición, así como a compatibilidade no desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

- Certificado de conta bancaria da que sexa titular o aspirante coa finalidade de proceder ao aboamento das nóminas.
- Número de Seguridade Social

Se dentro do prazo indicado, e agás casos de forza maior, o aspirante proposto non presentara a documentación e/ou non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado e serán anuladas as actuacións, sen perxucio da responsabilidade en que incorrera por falsidade na instancia.

O nomeamento do persoal que, conforme ao procedemento sinalado nas presentes normas, sexa designado para desempeñar un posto de traballo como funcionariado interino ou con contrato laboral de carácter temporal realizárase mediante unha resolución do alcalde e formalizarase no documento que proceda.

Unha vez notificada a Resolución á persoa interesada, deberá comparecer no prazo que se sinala para formalizar o correspondente contrato ou asinar a toma de posesión.

Os integrantes das listas que o serán convocados para facer efectiva a súa contratación ou nomeamento non se presenten ou renuncien a esta sen causa xustificada perderán os seus dereitos e quedarán excluídos das listas durante un ano.

Unha vez transcorrido este prazo poderán solicitar de novo a súa inscrición. A renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo terá a mesma consecuencia. Os integrantes das listas que non se atopen prestando servizos poden solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude o efecto.

As persoas aspirantes nomeadas funcionarios/as interinos/as cesarán nos supostos previstos na lexislación vixente sobre funcionariado. As persoas aspirantes contratadas en réxime laboral cesarán ao finalizar o contrato.

Undécima.- Impugnación da convocatoria

A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven desta, así como das actuacións do Tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas, nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Duodécima.- Lexislación aplicable

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto

Concello de Vila de Cruces





Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lei 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal a servizo da Administración Xeral do Estado; e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Decimoterceira.- Datos de carácter persoal

Segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase aos participantes nesta convocatoria que os seus datos persoais quedarán arquivados neste Concello coa única finalidade de ter en conta a súa candidatura para o posto ofertado.

Asdo. O alcalde: Luis Celso Taboada Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 6NPLWDXH8FQ2NLJQ6AG2MDQ22 | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 13



Anexo I: Temario

Operario-condutor servizos múltiples:

1. Coñecemento do termo municipal de Vila de Cruces.
2. Mantemento de instalacións municipais.
3. Lei 31/1.995, de Prevención de Riscos Laborais: Obxeto e ámbito de aplicación. Nocións básicas de Seguridade e Hixiene no traballo aplicables a posto a cubrir.
4. Realización de tarefas de xardinería, mantemento de camiños, limpeza de vías e recollida de lixo. Ferramentas, maquinaria de uso frecuente dos servizos municipais, materiais a utilizar.
5. O Código de Circulación. Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial. Dotación dos vehículos: placas, sinais, distintivos nos vehículos, accesorios, repostos e ferramentas que deben levar os vehículos a motor

Operario de servizos múltiples:

1. Coñecemento do termo municipal de Vila de Cruces
2. Mantemento de instalacións municipais: fontanería, albaliñería, carpintería, pintura, ferramentas, tipos de materiais e nocións básicas.
3. Lei 31/1.995, de Prevención de Riscos Laborais: Obxeto e ámbito de aplicación. Nocións básicas de Seguridade e Hixiene no traballo aplicables ao posto a cubrir.
4. Ferramentas, maquinaria de uso frecuente polos servizos municipais, materiais a utilizar.
5. Mantemento e conservación de vías públicas: Averías máis frecuentes e a súa reparación.





Anexo II: Solicitud de participación

SOLICITANTE	
DNI	TELEFONO
ENDEREZO	
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
CORREO ELECTRÓNICO:	

Vistas as bases de **creación de bolsa de emprego** do Concello de Vila de Cruces,

1º.- Declaro que coñezo na súa integridade as bases da convocatoria, comprométome a someterme a elas e cumpro os requisitos establecidos para poder participar.

2º.- SOLICITO ser admitido/a no referido proceso para o seguinte posto de traballo:

<input type="checkbox"/>	OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES
<input type="checkbox"/>	OPERARIO-CONDUTOR DE SERVIZOS MÚLTIPLES

3º.- Xunto a documentación que se sinala:

<input type="checkbox"/>	Copia do D.N.I ou N.I.E.
<input type="checkbox"/>	Carné de conducir
<input type="checkbox"/>	Declaración (Anexo III).
<input type="checkbox"/>	Xustificante de ter pagada a correspondente taxa
<input type="checkbox"/>	Certificado de aptitude profesional (CAP) condutores
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa das circunstancias puntuables na fase do concurso.

Vila de Cruces, _____ de _____ de 2020.

Sinatura:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 6NPLWDXH8FQ2NLJQ6AG2MDQ22 | Corrección: https://villadecruces.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 13



Anexo III: declaración

SOLICITANTE	
DNI	TELEFONO
ENDEREZO	
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
CORREO ELECTRÓNICO:	

En relación á solicitude para participar no proceso de creación de bolsa de emprego do Concello de Vila de Cruces,

DECLARO:

1º.- Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que teño capacidade funcional para o seu desempeño.

2º.- Que non estou separado/a mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

3º.- Que posuo capacidade funcional para o desenvolvemento do posto.

E para que conste asino a presente declaración.

Vila de Cruces, _____ de _____ de 2020.

SINATURA:

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 6NPLWDXH8FQ2NLJQ6AG2MDQ22 | Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13